

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 13 DE DECEMBRO DE 2019.**

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS E DEZ MINUTOS** do día **TRECE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia das tenentes de Alcalde **MÓNICA GONZÁLEZ CONDE** e **ÁNGELA MARÍA TROITIÑO GIL** e os concelleiros **ANTONIO FERRO LOSADA** e **JESUS TABOADA LÁZARA**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**  
Secretario da Corporación: **DAVID GARCÍA LAREO (Secretario accidental)**.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTAS ANTERIORES.**
- 2º.- **DEVOLUCIÓN DE AVAIS**
- 3º.- **EXPEDIENTE 1560/2019. CONCESIÓN DE AXUDAS EN CONCEPTO DE BOLSAS PARA O TRANSPORTE UNIVERSITARIO DE ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS PARA O CURSO 2019-2020.**
- 4º.- **EXPTE. 726/2019 - PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO. RICARDO LÓPEZ RODRÍGUEZ.**
- 5º.- **URBANISMO.**

1º.- **ACTAS ANTERIORES.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación as seguintes Actas:

- 04 de decembro de 2019

2º.- **DEVOLUCIÓN DE AVAIS.**

**2.1.- Expte. 684/2017.** Escrito de Víctor Esperante Lugo, Rexistro de Entrada nº 2019-E-RC-2386, de data 12 de xuño de 2019, solicitando devolución de aval correspondente o "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE CINCO ESTUFAS DE PELLETS PARA CALEFACTAR OS LOCALES SOCIAIS DAS SEGUINTE PARROQUIAS: CIRA, PIÑEIRO, CERVAÑA, MARTIXE E CARBOEIRO", por importe de 432,75 € realizada en efectivo o 03 de outubro de 2017.

**VISTO** que polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil, en data 12 de decembro de 2019 emítase o seguinte informe:

"Solicitante	<i>Víctor Esperante Lugo</i>		
Data de rexistro	<i>12.XUÑ.2019</i>	<i>Nº 2019-E-RC-2386</i>	<i>Expediente 1295/2019</i>
Emprazamento	<i>Cira, Piñeiro, Cervaña, Martixe e Carboeiro</i>		
Obra	<i>Subministro e instalación de cinco estufas de pellets para calefactar os locais Cira, Piñeiro, Cervaña, Martixe e Carboeiro</i>		
ASUNTO	<i>Devolución de aval</i>		



INFORME:

1. Consta no expediente certificado final de obra asinado o día 28 de novembro de 2019, por tanto, os prazos de garantía legalmente establecidos estarían superados no momento de emisión deste informe.
2. Non consta nesta oficina técnica de vías e obras, escrito algún ou expediente de reclamación sobre algunha eventual incidencia desta obra.
3. Por tanto, estímase conveniente a devolución do aval depositado polo contratista."

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

- Proceder a devolución do AVAL de **VICTOR ESPERANTE LUGO**, correspondente o "SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE CINCO ESTUFAS DE PELLETS PARA CALEFACTAR OS LOCALES SOCIAIS DAS SEGUINTE PARROQUIAS: CIRA, PIÑEIRO, CERVAÑA, MARTIXE E CARBOEIRO", por importe de 432,75 € realizada en efectivo o 03 de outubro de 2017.

**2.2.- Expte. 665/2017.** Escrito de ENERLAMELA, S.L., Rexistro de Entrada nº 2019-E-RC-5312, de data 22 de novembro de 2019, solicitando devolución de aval correspondente o "SUMINISTRO E INSTALACION DE COLECTORES PARA QUENTAMENTO AOS CAMPOS DE FUTBOL LARO E LAMELA", por importe de 793,62 € realizada en efectivo o 10 de outubro de 2017.

**VISTO** o informe realizado polo persoal do Departamento de Electricidade do Concello de Silleda, de data 12 de decembro de 2019, que literalmente dí:

*"Dº FERNANDO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, como personal del Departamento de Electricidade do Concello de Silleda, por medio de la presente*

INFORMO:

*Que, en relación a solicitude de devolución de aval presentado pola empresa ENERLAMELA, S.L., Rexistro de Entrada nº 5312, de data 22 de novembro de 2019, correspondiente a la obra "SUMINISTRO E INSTALACION DE COLECTORES PARA QUENTAMENTO AOS CAMPOS DE FUTBOL LARO E LAMELA " (Expte Gestiona 665/2017) a cal foi adjudicada a este empresa por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de setembro de 2017, a mesma atópase en perfecto estado e infórmase favorablemente a mencionada devolución de aval."*

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

- Proceder a devolución do AVAL de **ENERLAMELA, S.L.**, correspondente o "SUMINISTRO E INSTALACION DE COLECTORES PARA QUENTAMENTO AOS CAMPOS DE FUTBOL LARO E LAMELA", por importe de 793,62 € realizada en efectivo o 10 de outubro de 2017.

**2.3.- Expte. 673/2017.** Escrito de INSTALACIONES DEZA, S.L., Rexistro de Entrada nº 2019-E-RC-5203, de data 18 de novembro de 2019, solicitando devolución de aval correspondente o "SUMINISTRO E INSTALACIÓN CALDEIRA DE PELLETS PARA CALEFACTAR CENTRO SOCIAL DE MAIORES DE BANDEIRA" por importe de 545,00 € realizada en efectivo o 03 de outubro de 2017 e "INSTALACIÓN DE CALDEIRA DE PELLETS EN CASA DE CULTURA DE SILLEDA" por importe de 1.169,67 € realizada en efectivo o 26 de maio de 2015.



**VISTO** o informe realizado polo persoal do Departamento de Fontanería do Concello de Silleda, de data 12 de decembro de 2019, que literalmente dí:

*"Dº MARIO ROZAS RAMOS, como personal del Departamento de Fontanería do Concello de Silleda, por medio de la presente*

**INFORMO:**

*Que, en relación a solicitude de devolución de aval presentado pola empresa INSTALACIONES DEZA S.L., Rexistro de Entrada nº 5203, de data 18 de novembro de 2019, correspondente as obras "INSTALACIÓN DE CALDERA DE PELLETS EN CASA DE CULTURA DE SILLEDA", adxudicada a mencionada empresa por acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de maio de 2015 e "INSTALACIÓN DE CALDEIRA DE PELLETS EN LOCAL DE MAIORES DE BANDEIRA" (Expte Gestiona 673/2017) adxudicada a mencionada empresa por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de setembro de 2017, as mesmas atópanse en perfecto estado e infórmase favorablemente a mencionada devolución de aval."*

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

- Proceder a devolución dos AVAIS de **INSTALACIONES DEZA, S.L.**, correspondentes o "SUMINISTRO E INSTALACIÓN CALDEIRA DE PELLETS PARA CALEFACTAR CENTRO SOCIAL DE MAIORES DE BANDEIRA" por importe de 545,00 € realizada en efectivo o 03 de outubro de 2017 e "INSTALACIÓN DE CALDEIRA DE PELLETS EN CASA DE CULTURA DE SILLEDA" por importe de 1.169,67 € realizada en efectivo o 26 de maio de 2015.

**2.4.- Expte. 675/2017.** Escrito de FERRADAS ROZAS, S.L., Rexistro de Entrada nº 2019-E-RC-5349, de data 27 de novembro de 2019, solicitando devolución de aval correspondente o "SUMINISTRO E INSTALACION CALDERA DE PELLETS PARA CALEFACTAR CASA DE XUVENTUDE DE SILLEDA" por importe de 547,50 € realizada en efectivo o 06 de outubro de 2017.

**VISTO** o informe realizado polo persoal do Departamento de Fontanería do Concello de Silleda, de data 12 de decembro de 2019, que literalmente dí:

*"Dº MARIO ROZAS RAMOS, como personal del Departamento de Fontanería do Concello de Silleda, por medio de la presente*

**INFORMO:**

*Que, en relación a solicitude de devolución de aval presentado pola empresa FERRADAS ROZAS, S.L., Rexistro de Entrada nº 5349, de data 27 de novembro de 2019, correspondente a obra "SUMINISTRO E INSTALACIÓN DUNHA CALDEIRA DE PELLETS PARA CALEFACTAR A CASA DA XUVENTUDE DE SILLEDA" (Expte Gestiona 675/2017) a cal foi adxudicada a mencionada empresa por acordo da Xunta de Goberno Local de data 18 de setembro de 2017, a mesma atópase en perfecto estado e infórmase favorablemente a mencionada devolución de aval."*

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

- Proceder a devolución do AVAL de **FERRADAS ROZAS, S.L.**, correspondentes o "SUMINISTRO E INSTALACION CALDERA DE PELLETS PARA CALEFACTAR CASA DE XUVENTUDE DE SILLEDA" por importe de 547,50 € realizada en efectivo o 06 de outubro de 2017.



**2.5.-** Escrito de Beatriz Vidal Sánchez, como Administradora da empresa SERVICIOS INFANCIA E TERCEIRA IDADE, S.L., Rexistro de Entrada nº 2018-E-RC-2939, de data 03 de xullo de 2019, solicitando devolución de aval correspondente o contrato de "AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E AXUDA AXUDA NO FOGAR MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA" por importe de 28.535,76 €, de Banco Pastor (Grupo Banco Popular), nº 08211-00673, de data 28 de decembro de 2015.

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

- Que no caso de non existir impedimento pola intervención municipal, despois de proceder a revisar si a mencionada empresa ten pendente algún embargo de créditos, se proceda a realizar de a devolución do AVAL de SERVICIOS INFANCIA E TERCEIRA IDADE, S.L., correspondente o contrato de "AXUDA NO FOGAR PARA PERSOAS DEPENDENTES E AXUDA AXUDA NO FOGAR MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA" por importe de 28.535,76 €, de Banco Pastor (Grupo Banco Popular), nº 08211-00673, de data 28 de decembro de 2015.

**3º.- EXPEDIENTE 1560/2019. CONCESIÓN DE AXUDAS EN CONCEPTO DE BOLSAS PARA O TRANSPORTE UNIVERSITARIO DE ESTUDANTES DE CICLOS FORMATIVOS PARA O CURSO 2019-2020.**

Dase conta da proposta da Educadora Social do Concello de Silleda, Sara Blanco Gil, de data 11 de decembro de 2019, que literalmente dí:

**"INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**'Axudas para o transporte universitario e estudantes de ciclos formativos durante o curso escolar 2019-2020'.**

*Sara Blanco Gil, Educadora Social do Concello de Silleda*

**EXPOÑO**

*Vistas as bases polas que se regula a convocatoria de axudas ao transporte universitario e estudantes de ciclos formativos durante o curso escolar 2019-2020 do Concello de Silleda e publicadas no BOP 179, do mércores 18 de setembro de 2019.*

*Visto que houbo 91 solicitudes, das cales 5 quedaron excluídas ao non cumprir os requisitos e cuxos datos dxs solicitantes se corresponde co seguinte cadro:*

<i>Brais García Troitiño</i>
<i>Aida Eiriz Pérez</i>
<i>Ana Rivas Gestal</i>
<i>Sofía Jorge Liñares</i>
<i>Adriana González Souto</i>

**PROPOÑO:**

*A concesión das axudas relacionadas a continuación, dacordo ás bases establecidas e tendo en conta a renda per cápita familiar.*

**Ata 1.000 €/ Bolsa de 420 €**

*· Minerva Malho González*



- *Alesandra Isabel Bazán Casanova*
- *Manel Fernández Medina*
- *Sarah Estefanía Quintero Acebedo*
- *Laura Seoane Pena*
- *Lúa Brey Lorenzo*
- *Mario Rodríguez Iglesias*
- *Camila Ayelén Moreno Blanco*
- *Adrián González Raiño*
- *Marta Rivas Gestal*
- *Luis Villanueva Ansedes*
- *Ana Cuiña Iglesias*
- *Christian Ares Rozas*
- *Anxo Domínguez Troitiño*
- *Laira Rodríguez Fernández*
- *Miriam Diéguez López*
- *Martina Domínguez Rodríguez*
- *Alex Pavón Núñez*
- *Mohamed Khallouk*

**De 1001 a 2000 €/ Bolsa de 346 €**

- *Aroa Espiño González*
- *Zaira Eiriz Valladares*
- *Irene Míguez Caramés*
- *Laura Presas Mato*
- *Antía Iglesias López*

**De 2001 a 3000 €/ Bolsa 230 €**

- *Ana Castro Fernández*
- *Carlos Mato Rodríguez*
- *Anán Ares González*
- *Maino Ares González*
- *Remedios González Meire*
- *Salvador Cerdeira Couceiro*

**De 3001 a 5000 €/Bolsa 145 €**

- *Daniel Salgueiro Ramos*
- *Noa Madriñán Martínez*
- *Vicente Curini Rodríguez*
- *Lucía Mariño Caamaño*
- *Noelia Soto Iglesias*
- *Yohana Pazos Piedras*
- *Lucía García Rodríguez*
- *Alejandro Valladares Castro*
- *Soraya Fraga Pampín*
- *Andrés Seoane Pena*
- *Gabriela G. Gómez Salazar*
- *Victoria Requeijo Castro*
- *Daniel Lage Cacheda*
- *Adrián Cabaleiro Penido*
- *Verónica Ríos Alcalde*
- *Lois Míguez Villar*

**De 5001 a 10000/ Bolsa 100 €**

- *Tania Filloy Míguez*
- *Javier Barreiro Rey*
- *Alessis Salgueiro Pájaro*
- *Julián Gómez Villamayor*



- Javier Valladares Prado
- Javier García Vidal
- Lucía González Souto
- Vanesa Fernández Vieitez
- Carlota Rey Casal
- Lorena García Regalade
- Juan Ares Pérez
- Ana Colmeiro Corral
- Alberto Pereiras Pena
- Soraya Aguirre Fernández
- Javier Cuiña Aguirre
- Mariña Castro Fontao
- M<sup>a</sup>Rocío Fernández Cuiña
- Manuel Fernández Cuiña
- Lucía Fernández Cuiña
- Mónica Pena López
- Samuel Rodríguez López
- Óscar González Moimenta
- Román Estévez Tallón
- Flavia Payno Gonçalves
- Alejandro Failde Fiestras
- Tamara Barros Montoto
- Xavier Barros Montoto
- David Núñez Ouzande
- Andrea Gay Otero
- David Louzao Rey
- Sofía Micaela Lamas
- Belén Ansedes Cornado
- Lara Fondevila Calvo
- Eva Fares Borrajo
- Marta Amigo Peón
- Patricia Lázara Framiñán
- Iván Sobrado Fondevila
- Sergio Rodríguez Pena
- David Castillo Abel
- Andrés Novo Rodríguez

Correspondendo as cantidades co seguinte cadro, a totalidade das axudas ascende a 17410 €.

<b>Rango RPC</b>	<b>Nº solicitudes</b>	<b>Total</b>
Ata 1000 €	19	7980
De 1001 a 2000€	5	1730
De 2001 a 3000 €	6	1380
De 3001 a 5000 €	16	2320
De 5001 a 10000 €	40	4000

Polo exposto, **esta Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcaldía na resolución de 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros, **ACORDA:**

- Aprobar a concesión de axudas para o transporte universitario e estudantes de ciclos formativos durante o curso escolar 2019-2020, segundo a proposta da Educadora Social transcrita anteriormente.



**4º.- EXPTE. 726/2019 - PROGRAMA DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPREGO. RICARDO LÓPEZ RODRÍGUEZ.**

Vista a proposta da Concelleira de Urbanismo, Persoal, Emprego e Comercio, M<sup>a</sup> Pilar Peón Iglesias de 11 de decembro, que literalmente dí:

"Eu, M<sup>a</sup> Pilar Peón Iglesias como concelleira de Urbanismo, Persoal, Emprego e Comercio do Concello de Silleda,

EXPOÑO QUE:

Visto, que con data 14 de novembro de 2019 e con n<sup>o</sup> de rexistro de entrada 5163, D. Ricardo López Rodríguez, con n<sup>o</sup> de DNI.: xxxxxxxx, con domicilio a efectos de notificación en r/ Carballeira do Chousiño, 10 – 2º de Silleda e n<sup>o</sup> de teléfono: xxxxxxxx, presenta solicitude de 1500€ con cargo ás Axudas Municipais á creación de emprego de acordo coas Bases e convocatoria 2019.

Visto, que achega a documentación requirida nas Bases de Axudas Municipais á Creación de Emprego

Visto a indeterminación do contido da Axuda, enténdese que os conceptos subvencionables aos que se refire son: Apertura de Local, Alta autónomo 1, e alta en autónomo 2

Visto que a alta de Autónomo correspondente a D. Ricardo López Rodríguez é para rexentar un negocio de Restaurante e postos de comida, entendemos que non se dou de alta no réxime de Autónomo para a posta en marcha da empresa 3DNOVATECH, SC

Visto todo o antedito e de acordo co baremo do apartado 1.4 das Bases obtén a seguinte puntuación

Puntos	Euros
Parado de Longa Duración	---
Apertura de Local	300
Alta Autónomo	600
Contratación Persoal	---
Plus por Proxectos do Sector Primario, relacionado co Medioambiente ou I+D+I	---
Muller monoparental con cargas familiares	---

PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo, conceder a subvención por importe de 900€.

Tal como indican as bases, no artigo 1.4, a finalidade da axuda é subvencionar ata o 50% dos gastos da posta en marcha e do funcionamento da empresa durante os primeiros meses da actividade. Os gastos que se subvencionen corresponderán aos realizados dende o 1 de outubro de 2018 ata 31 de decembro de 2019"

Polo exposto, esta **Xunta de Goberno Local**, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA** prestar aprobación á proposta da Concelleira de Urbanismo, Persoal, Emprego e Comercio, de data 11 de decembro de 2019 anteriormente transcrita e dar traslado deste acordo á Intervención aos efectos oportunos.

**5º.- URBANISMO.**



**5.1.- Expte. 850/2019. Licenza de primeira ocupación. Rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar no lugar de Mourellos, nº 16 (Silleda). Manuel Taboada Ramos.**

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 22 de maio de 2019, acordou:

**"Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal para Modificado de básico e de execución de rehabilitación de vivenda unifamiliar sita no lugar de Mourellos, nº 16 (Silleda), solicitada por MANUEL TABOADA RAMOS."

Visto que con data 10 de decembro de 2019, polo Arquitecto Técnico Municipal, José Antonio Presas Ferreiro, emítase Acta de comprobación para outorgamento da licenza de primeira ocupación que literalmente dí:

**"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA OUTORGAMENTO DA LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN**

(De acordo co establecido no artigo 195.6 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e posteriores modificacións:

Lei 9/2002 de 30 de Decembro (DOG 31/12/2002), coas modificacións introducidas pola Lei 15/2004 de 29 de decembro (DOG 31/12/2004); pola Lei 6/2007 de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia (DOG 16/05/2007); pola Lei 3/2008, de maio, de ordenación da minería de Galicia (DOG 6/06/2008); pola Lei 6/2008, de 19 de xunio, de medidas urxentes en materia de vivenda e solo (DOG 30/06/2008); pola Lei 18/2008, de 29 de decembro, de vivenda de Galicia 2008- modificación declarada nula polo TC; pola Lei 2/2010, de 25 de marzo (DOG 31/03/2010); pola Lei 15/2010, de 28 de decembro de Medidas fiscais e administrativas (DOG 30/12/2010); pola Lei 4/2012, de 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo (DOG 23/04/2012); pola Lei 8/2012, de 29 de xunio, de Vivenda de Galicia 2012 (DOG 24/07/2013); pola Lei 9/2013, de 19 de decembro, de Emprendemento e Competitividade de Galicia (DOG 27/12/2013).

**Edificación:** Rehabilitación y ampliación de vivienda unifamiliar

**Emprazamento:** Lugar de Mourellos, 16 de Silleda, Concello de Silleda.

**Certificados:**

**CERTIFICADO FINAL DE LA DIRECCIÓN DE OBRA.**

Asinado por: Lena de Oliveira Amorim, Arquitecta Directora da Obra.

Fernando Romero Beiro, Arquitecto Técnico Director de Execución.

E visado polo COAG en data de 30 de abril de 2019.

**CERTIFICADO DE INSTALACIÓN ELÉCTRICA.**

Asinado por: José Cachafeiro Taboada, Instalador autorizado.

**CERTIFICADO DE INSTALACIÓN DE CALEFACCIÓN E AUGA QUENTE SANITARIA**

De Empresa instaladora.

**Títular:** Don Manuel Taboada Ramos, con DNI xxxxxxxxx.

No termo municipal de SILLEDA, no núcleo do lugar de Mourellos, 16 de Silleda, Concello de Silleda.), personanse ás 13:00 horas do día 2 de decembro de 2019, don José Antonio Presas Ferreiro, Arquitecto Técnico Municipal, atopándose na citado edificio con don Manuel Taboada Ramos, efectuándose a visita de comprobación demandada polo interesado o 02 de maio de 2019.





*Examinase en primeiro lugar a documentación aportada xunto coa solicitude de licencia, compróbase que da cumprimento ao establecido polo artigo 195.6 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e posteriores modificacións.*

*Procédese, a continuación, a comprobar visualmente se a vivenda, instalacións, etc. se axustan ao proxecto e a documentación técnica aprobada pola que se obtivo licencia de obra, de tal xeito que se comproba a súa correcta execución .*

**Por todo o exposto, o técnico que suscriben estima que se pode outorgar LICENCIA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN do edificio de vivenda familiar situada no lugar de Mourelas, 16 Concello de Silleda."**

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

**Primeiro.- CONCEDER**, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de primeira ocupación para edificio de vivenda familiar, sita na lugar de Mourelas, nº 16 (Silleda), solicitada por MANUEL TABOADA RAMOS.

## **5.2.- Expte. 1254/2019. Reposición de legalidade urbanística.**

**Procedemento:** Incoación de expediente de Reposición da Legalidade, logo de sentenza en contencioso-administrativo. Apelación: **4481/2017**. TSJ Galicia, dimanante PO nº 288/2015, do Xulgado nº 3 de Pontevedra. Obras de construción de fosa séptica. Porta do Sol S.L. Lamela. Demandante: **RAMON FERNANDEZ CALVO**.

IDENTIFICACION AUTOS XUDICIAIS:

**PO nº 288/2015. Construción fosa séptica.**  
XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 3  
PONTEVEDRA  
Apelación: **4481/2017**. TSJ Galicia  
Demandante: **RAMON FERNANDEZ CALVO**  
Sentenza que obriga a incoar expdte. Reposición Legalidade.

**ACORDO DA XUNTA de GOVERNO LOCAL**

**ANTECEDENTES:**

**1. Vista** a sentenza no contencioso citado, en apelación: nº **4481/2017** diante do TSJ Galicia, dimanante **PO nº 288/2015**, do Xulgado nº 3 de Pontevedra sobre: "Obras de construción de fosa séptica". Porta do Sol S.L. Lamela. Demandante: **RAMON FERNANDEZ CALVO**.

**2. Visto** que se trata dunhas obras de construción dunha fosa séptica conformes coa normativa urbanística e o PXOM vixente, para o que se lle outorgou a oportuna licenza de obras no seu día, e de acordo cos informes dos Servizos Urbanísticos que constan no expediente municipal, aos que nos remitimos para evitar repeticións innecesarias.



De conformidade co Informe do Arquitecto Municipal, e cos artigos 152 e 153 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Chan de Galicia, o artigo 379 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do chan de Galicia e o artigo 21.1.s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, por unanimidade,

SE ACORDA

**PRIMEIRO.** Incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística, respecto das actuacións de: "Obras de construción de fosa séptica" en Lamela-SILLEDADA. Solicitante: Porta do Sol S.L., nun inmovible da súa titularidade, conforme se establece no artigo 153 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Chan de Galicia.

**SEGUNDO.** Considerar legalizable o acto, indiciariamente, xa que así se apreciou polos Servizos Técnicos Municipais no seu día e se outorgou a correspondente licenza e segundo o Informe Técnico.

**TERCEIRO.** Notificar a presente resolución aos interesados para que poidan examinar o expediente e presentar as alegacións que teñan por conveniente, outorgando un prazo de audiencia de quince días.

**CUARTO.** Comunicar a iniciación deste procedemento e o nomeamento de instrutor do mesmo o arquitecto municipal Lino Manuel Doporto Framil.

**QUINTO.** Comunicar ao Rexistro da Propiedade a incoación do procedemento de reposición da legalidade, para a súa publicidade e práctica dos asentos, no seu caso, de ser necesario.

### 5.3.- Expte. 736/2019. Responsabilidade patrimonial.

**EXPEDIENTE de RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. (254.665,73 €) INCOACION DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO. RECLAMACION de JOSE RAMON MOSQUERA CABALEIRO,** DNI nº35247152-C, domiciliado en Igrexa nº 26, Breixa, SILLEDA, con rexistro municipal de entrada nº 1.033, de data 10 de Marzo de 2017. Explotación ganadera de granxa avícola, sita no lugar de Igrexa, Parroquia de Breixa, Silleda, con identificación en Medio Rural: C.E.A. número REGA ES360520237001.

**ANTECEDENTES.** A reclamación por responsabilidade patrimonial, por importe de **254.665,73 €**, baséase en imputar ó Concello, os danos e perxuízos económicos que dí sufrir o non poder efectua-la ampliación dunha explotación avícola, sita en Igrexa-Breixa, Silleda, con identificación en Medio Rural: C.E.A. número EGA ES360520237001, en síntesis.

**VISTO** o texto e seu expediente orixinario, procede o análisis do mesmo, en base ós pronunciamentos e consideracións xurídicas seguintes:

Identificación:

Demandante: **JOSE RAMON MOSQUERA CABALEIRO.**

Obxeto : RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. Ampliación de explotación avícola.

Cuantía : **254.665,73 €**

Demandado: **Concello de Silleda.**



**PRECISION PREVIA DE CARÁCTER PROCEDIMENTAL.** (P.O: nº 0000119/2019 Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra)

A. Dadas as circunstancias concurrentes, e sen perxuizo da ampliación probatoria, que poida interesarse, o Concello entende que o demandante xa presentou toda a documental necesaria para o estudo do caso –e con mais que suficiente amplitud-, non sendo necesarias novas probas por parte municipal, considerando o expediente pechado, habendo sido denegada súa reclamación previa -presentada o 10 de Marzo de 2017- por silencio negativo, en aplicación do disposto na Lei de Procedemento Administrativo e concurrentes, máxime cando por parte municipal considérase dita reclamación como notoriamente improcedente, incurrindo, ademais, nas excepcións procesais que se citan seguidamente no corpo do acordo, merecendo o calificativo de demanda temeraria, en función da argumentación que trasládase a continuación.

B. En todo caso, incoase expediente administrativo, ó obxecto de que o reclamante poida alegar o que estime convinte en función de seus intereses.

**VISTOS** os antecedentes, o expediente, e a aclaración procesal antedita, analízase e resolve a reclamación según a argumentación fáctica e xurídica que se expón de seguido.

## **ALEGACIÓN PREVIA DE EXCEPCIÓNS PROCESAIS**

**Cuestión previa. Demanda improcedente por cousa xulgada e non ser demandada a Consellería de Medio Rural.**

A demanda baséase nun hipotético dano sufrido o serlle denegada unha licenza de apertura de granxa avícola pola Consellería de Medio Rural, despois de que os Tribunais confirmaran dita denegación, reclamando a continuación que o responsable é o Concello de Silleda, tanto de ese rechazo como, por derivación, de que os Tribunais non lle deran a razón, o que califícase como improcedente e se sintetiza en tres poderosos argumentos:

- **Improcedencia xa que o responsable do presunto dano –a denegación dunha licenza de apertura- foi a XUNTA de Galicia, non o Concello de Silleda.**
- **Improcedencia en canto o presunto dano –a denegación dunha licenza de apertura- non existe, xa que é cousa xulgada, mediante sentenza firme.**
- **Improcedencia en canto o Concello concedeu a licenza da granxa, acto sobre o que se sustenta o presunto dano, e a denegación proven dunha norma sectorial: el RD 1084/2005.**

Sostense que este planteamento confirmase cos feitos probados, polo que nos permitimos, de entrada, calificala como temeraria, según os razoamentos que se expoñen a continuación, aderezados coas probas xa de carácter irrefutable que constan no expediente.

Por elo, alegamos con carácter previo dúas excepcións procesais:

- Litisconsorcio pasivo necesario ([artículo 420 LEC](#) en relación co [artigo 12 da Lei de Enxuciamiento Civil](#)).



- Causa xulgada ([artigo 421 LEC](#) en relación co [artigo 422 da Lei de Enxuízamento Civil](#)).

Nesta reclamación debería ser parte demandada a Consellería de Medio Rural, pero, sobre todo, estamos ante un proceso que incurre no suposto de causa xulgada como se expón seguidamente.

## FEITOS/ALEGACIÓNS

### 1. Inadmisibilidade da demanda. Prescrición da acción.

En relación coa prescrición da acción, o art. artículo 67.1 da Lei 39/2015 dispón que o dereito a reclamar prescribe de modo categórico o ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse seu efecto lesivo. E a data dese hipotético dano é para o Concello a Resolución do Xefe Territorial- Xefatura Territorial de Medio Rural de Pontevedra, de data 03-10-2012 denegatoria da licenza (DOc nº 1). Trancurriron, en consecuencia, nada menos que 4,5 anos ata 10 de Marzo de 2017 en que presenta sua reclamación no rexistro municipal.

Pretende o actor que ese feito se produxo o serlle notificada a sentenza da Sección 2ª do Tribunal Superior de Xusticia de Galicia de data 26 de Novembro de 2015, desestimatoria de suas pretensións en apelación a do Xulgado do Contencioso nº 1 de Pontevedra asimismo en contra –de 09-12-2014-, postura que non pode prosperar en canto o Concello nin siquera foi parte nese proceso. Cando non fumos demandados, non cabe posibilidade algunha de facernos responsables, contando o ano de prescrición da acción de responsabilidade patrimonial a partir da data da sentenza –que por certo é de 26-11-2015, aunque o demandante computa dende o 03-03-2016, por unha extrana “ampliación” que solicitou a Sala, tamén denegada -. Foi a CONSELLERIA do MEDIO RURAL e do MAR a demandada polo Sr. Mosquera, sin que nin sequera participáramos en condición de interesados –e que deberíamos-.

Ante tal evidencia da prescrición da acción, bastaría con limitarnos a esta resposta e pechar aquí a contestación. Non obstante, a indignación que produce tan inadmisibile demanda, obriga a unha ampliación, según a argumentación que se expón a continuación.

### 2. Non foi o Concello quen denegou a licenza senón a Consellería de Medio Rural.

A pretensión de achacar ó Concello a responsabilidade na denegación da licenza é unha perversión da realidade e un atentado o sentido común, elevados o paroxismo cando consta probado que foi a Administración local quén lle concedeu as múltiples licenzas de que goza a instalación, contando entre provisionais, definitivas, licenzas apertura e de obras, ata un total de 7, salvo e. u o.: en concreto de datas 03-09-1999, 15-Set-2000, 13-maio-2003, 29-Xullo-2005, 21-Set-2007, 26-06-2010 e 25-02-2014. Parece evidente que, seguindo súa tesis, o demandado ou codemandado como mínimo debería ser a Consellería de Medio Rural –a quén, non obstante, emprazouse por esta parte como interesados-. Chegados a este punto, permitimonos apuntar que non se demandou a Xunta pola obviedade de que ten unha sentenza firme en contra, intentando descargar esa responsabilidade na Administración Local, todo un *truquito* ou *un exceso procesal* que non pode admitirse.

E para plantexar tal tesis básase nun incidente nimio: a suposta carencia del Informe do Xefe Local de Sanidade, unha auténtica burla cando é meridianamente claro que se lle denegou porque **o RD 1084/15 esixe unha distancia mínima a outras explotacións de 500 mt., que incumprese por**



**triplicado neste suposto**, o existir 3 explotacións nese radio. Xa figura no expediente, pero deisaxe constancia desa Resolución denegatoria da licenza da Consellería de Medio Rural:

DATOS IDENTIFICATIVOS: O 11-09-2012 na oficina Comarcal de Silleda rexistrouse a "Solicitud de ampliación de explotación avícola" por parte do Sr.Mosquera, con REGA ES360520237001, para "nova nave a maiores das tres existentes, que foi desestimada en data 03-12-2012, cuio texto transcríbese literalmente.

Transcripción da Resolución (DOC nº 1):

1. *A explotación está situada en Silleda, no lugar da Igrexa, na parroquia de Breixa. No rexistro de explotacións gandeiras do Servizo de Gandería, consta a existencia dunha nave no ano 1969, posteriormente no 2002, ampliouse e construíse una segunda nave, e no 2003 realizouse unha terceira. A capacidade autorizada para esta explotación actualmente é de 61.500 polos.*

2. *O Real Decreto 1084/2005 de ordenación da avicultura de carne indica no seu art. 4.c que calquera explotación que se instale con posterioridade a entrada en vigor deste Real Decreto, así como as ampliacións de superficie para o mantemento de aves que realizen as explotacións que se encontren en funcionamento previamente á entrada en vigor deste Real Decreto, deberán respectar unha distancia mínima de 500 mt. con relación as xa existentes.*

3. *A menos de 300 mt. desta explotación constan no rexistro do Servizo de Gandería 3 explotacións avícolas.*

*De acordo con todo o indicado,*

**RESOLVO:** *non autorizar a ampliación de superficie para o mantemento de aves, mediante a construción dunha nova nave.*

*Asinado. Xefe Territorial. Xefatura Territorial de Medio Rural Pontevedra. Data 03-10-2012.*

O demandante presentou Recurso de Alzada, que lle foi desestimado igualmente e contra tal desestimación interpuso o contencioso administrativo.

A maior abundamento, foi esa resolución a que recurreu ante os Tribunais, e non unha de procedencia municipal, razón pola cal o xiro procesal de saltarse esa evidencia e usar o trámite, superado ademais polas múltiples licenzas municipais –o acto administrativo a ter en conta-, do informe local de sanidade é un despropósito que "clama o ceo", máxime cando ese Real Decreto que impide a ampliación da sua granxa, regula precisamente as condicións zootécnicas e hixiénico-sanitarias das explotacións avícolas. É, por elo, o mellor informe sanitario que esixe a demanda, ó marxen do irónico de tal casualidade. E que conclue coa imposibilidade de concederlle a licenza, precisamente por motivos de sanidade animal, esixindo distancias mínimas entre as explotacións.

### **3. A causa da denegación da licenza é imputable o Real Decreto 1084/2005, en exclusiva.**

A entrada en vigor do Real Decreto 1084/2005 de ordenación da avicultura de carne dispón que as ampliacións de superficie en granxas de aves que se atopan en funcionamento previamente, deberán respectar unha distancia mínima de 500 mt. con relación as xa existentes, o que se incumpria claramente neste caso o existir ata tres explotacións a menos de 300 mt.. Pode decirse, por tanto, que vulnerábase esa disposición triplicada, multiplicada por tres, xa que bastaría con unha soa, o que supón magnificar tal incumprimento. Estamos por elo ante unha infracción ostentosa, radical.



#### 4. Unha sentenza firme avala a denegación. Principio de “cosa xulgada”.

Si xa todo o exposto conforma un “corpus” probatorio de feitos e consecuencias xurídicas irratible en contra desta acción, todavía quédanos a *guinda do pastel*, si se nos permite este linguaxe coloquial como ilustración dunha demanda carente da mínima base esixible, en canto o Sr. Mosquera recurreu os Tribunais e estos rexeitaron sua tesis e confirmaron a denegación da licenza de apertura de sua explotación, en sentenza firme dende o 26-11-2015 –o 3 Marzo 2016, si se prefire – (DOC nº 3).

Por tanto, esta disquisición é cosa xulgada, de forma incontrovertible. Os Tribunais zanzaron o debate establecendo que non existe o dereito a última ampliación da granxa que pretendía. Que ante esa aplastante realidade pretenda reclamarlle o Concello e nada menos que 254.665,73 €, é un monumento o disparate, que convirte esta acción en temeraria, sin duda algunha, na nosa modesta opinión.

E preténdese “burlar” a sentenza firme recurrido a unha saída falaz: imputarlle o Concello a responsabilidade polo susodicho informe do Xefe Local de Sanidade. Recurrido o sarcasmo –e sin ánimo ofensivo- tería que plantexar esta acción de responsabilidade por funcionamento anormal da Administración de Xustiza, e non da local, xa que foron os tribunais quen confirmaron a ilegalidade de súa ampliación.

#### 5. Breve referencia o cómputo económico.

Ante tan groseras carencias da demanda, obviamente xa non procede siquera entrar no análisis dos danos que dí sufrir e sua cuantificación. Non obstante non nos resistimos a aportar unhas breves pinceladas:

· O custo da granxa, 188.140,33 €, mais *outras obras* por valor de 19.835 €, non é repercutible como dano, en canto discútese a concesión dunha licenza de apertura, non da licenza de obra, que son conceptos diferentes e individualizaos dende o punto de vista xurídico, anque, certamente, vaian unidas ambas habitualmente na práctica, pero seguen sendo autorizacións distintas. Neste caso non se cuestionou, ademais, a licenza de obras, senón a de apertura. Por tanto, en rigor, hai que atenerse a ese feito probado, coa consecuencia de que a construción é legal, sin duda. O que é ilegal é instalar unha granxa de aves no seu interior porque unha lei dí que deben gardar unha distancia mínima entre elas de 500 mt. Dito de outro modo, o solicitante poderá exercer nesa construción outros usos e actividades que lle sexan permitidos pola normativa vixente. Por citar un exemplo rápido, poderá dedicar esa edificación a local de venta de maquinaria agrícola ou outra actividade comercial/empresarial semellante. Habería que coñecer os usos que permite o PXOM nese solo, para falar co necesario rigor legal, por suposto. En conclusión, en tanto non se cuestiona a legalidade urbanística da licenza de obras, xamais pode establecerse a relación de causa a efecto para reclamar que se lle indemnice. Anque tivera razón –que non e ostensiblemente, se reitera- ese concepto non sería repercutible como gasto indemnizable, o igual que o custo do Proxecto cifrado en 6.284 €

· Igualmente, tampouco o sería o ICIO, 2.748 €, xa que trátase dun imposto que se cobra con carácter imperativo, como establece a xurisprudencia actual. O ingresa a Administración o solicitar a licenza e anque non se autorize finalmente a mesma por razóns XX. Non existe a posibilidade legal do reintegro de seu importe. Por tanto, tampouco sería repercutible nese cómputo.



· Asimismo os honorarios do Letrado nunha cuantía de 22.451,22 € -aparte o Procurador-, en tanto trátase dun gasto orixinado por seus recursos ante os Tribunais, e que sostiveron a legalidade de denegarlle a ampliación do uso da granxa, co agravante de que o TSJG confirmou a ilegalidade da ampliación.

· Co exposto o total reclamado quedariase en cero.

## 6. CONCLUSIÓN RESUMEN.

**A demanda é inadmisíbel, o basarse nun hipotético dano sufrido o serlle denegada unha licenza de apertura de granxa avícola pola Consellería de Medio Rural –non polo Concello-, por incumprir as distancias mínimas esixidas polo RD 1084/2005, e despois de que os Tribunais confirmaran dita denegación, reclamando a continuación que o responsable é o Concello de Silleda, tanto de ese rechazo como, por derivación, de que os Tribunais non lle deron a razón, o que conduce a califica-la de temeraria e unha actuación de mala fe.**

A estos feitos/alegacións son aplicables os seguintes:

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas. Breve apunte.

A Licenza de *actividades ou de apertura*, prevista e regulada nos [artigos. 9 e 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto de 17 de xuño de 1955](#), reviste un carácter reglado tendente a verificar, como expón o citado artigo 22, si os locais ou instalacións reúnen as condicións de tranquilidade, seguridade e salubridade, e as que no seu caso estiveren dispostas nos plans de urbanismo debidamente aprobados; previéndose un procedemento básico para seu otorgamento, con intervención municipal e da Comisión Provincial de Servizos Técnicos, cando a actividade para a cal a licenza é solicitada poida ser clasificada como molesta, insalubre, nociva ou perigosa, dacordo co Decreto 2414/1961, de 30 de decembro polo que foi aprobado o Regulamento.

Neste punto é menester partir do preceptuado no artigo 34 do Regulamento de 1961 en canto prevé que:

"obtenida la licencia de una actividad calificada como molesta, insalubre, nociva o peligrosa, no podrá comenza a exercerse sin que antes se gire la oportuna visita de comprobación por funcionario técnico competente no sólo por la actividad de que se trate, sino también por la naturaleza del daño que pueda causarse".

Neste contexto, de unha normativa preconstitucional, existía a figura do Xefe Local de Sanidade –habitualmente o farmacéutico ou un médico- que informaba, con un carácter de mínimos, sobre as condicións de salubridade, informe non vinculante para a Administración, figura que desapareceu no seu uso coa creación da Xunta de Galicia, que ten outorgadas amplias competencias en materia sanitaria, salubridade, saúde pública, etc., como é ben sabido, co cal deixou de existir na tramitación de licencias de apertura. Hoxe, e na data de autos, “o técnico competente non só pola actividade de



que se trate, senón tamén pola natureza do dano que poida causarse" –expresión do Supremo- é a Administración Autonómica, a Xunta, que foi quen denegou esta licenza, valga a redundancia.

É mais, concorre neste suposto o feito específico de que precisamente é o RD 1084/2005 o que establece "as normas de ordenación das explotacións avícolas para produción de carne, incluídas as condicións mínimas de ubicación, infraestrutura zootécnica e hixiénico-sanitaria, conforme a normativa vixente en materia de hixiene, sanidade animal, identificación e rexistro, benestar dos animais e protección do medio ambiente". Parafraseando a insistencia da demanda de basarse na carencia de dito informe para reclamar a friolera de 254.665,73 €, haberá que dicir que: *ahí teñen vdes. o Informe de Sanidade que tanto reclaman, o mismísimo RD 1084/2005, que, precisamente, por razóns de sanidade animal, para prevenir a proliferación de pragas avícolas, etc, decidu fixar unha distancia mínima entre as granxas.* En conclusión, o informe de sanidade que reivindicamos está cumplimentado co propio Real Decreto. Anque, claro, é para impedir esa ampliación, por incumprimento de distancias mínimas, do que se infire que nada ten que reclamar partindo de esa suposta carencia.

## II. Inadmisibilidade por prescripción.

O Art. artigo 67.1 da Lei 39/2015 establece:

*"Los interesados sólo podrán solicitar el inicio de un procedimiento de responsabilidad patrimonial, cuando no haya prescrito su derecho a reclamar. El derecho a reclamar prescribirá al año de producido el hecho o el acto que motive la indemnización o se manifieste su efecto lesivo".*

A data de partida dese hipotético dano é a Resolución do Xefe Territorial. Xefatura Territorial de Medio Rural de Pontevedra, de 03-10-2012 denegatoria da licenza. Transcurriron, en consecuencia, casi 5 anos ata que presenta sua reclamación.

Alega o demandante que ese feito ocorreu o serlle notificada a sentenza do TSJ Galicia, desestimatoria de suas pretensións en apelación a do Xulgado do Contencioso de Pontevedra, tesis que non pode prosperar en canto o Concello nin sequera foi parte nese proceso, sendo a demandada a Consellería Medio Rural. E, por si non fora suficiente, véase como os feitos e razoamentos dos fallos xudiciais se refieren única e exclusivamente a infracción das distancias, non o informe local de sanidade (Doc nº 3).

## III. Mala fe procesal, abuso do dereito.

A doutrina do abuso do dereito supón, como nos sinala o TS, a imposición duns límites de orden moral, teleolóxico e social que pesan sobre o exercizo dos mesmos, de maneira que deberá ser apreciado cando, con apoio nunha actuación aparentemente correcta estase incurrindo en realidade nunha extralimitación a que a lei non concede protección algunha. Con todo, a xurisprudencia advirte de que a aplicación desta doutrina debe estar presidida por un criterio restrictivo e que non debe permitirse que a invoque quen é responsable dunha actuación antixurídica.

Ciñéndonos o caso de autos, baixo a aparencia de que o Concello non tramitou o Informe do Xefe Local de Sanidade, pretende que este lle indemnice –nunha cantidade desorbitada, por añadidura- "saltándose a torera", omitindo ostensiblemente que foi a Xunta, en aplicación dun Real Decreto 1084/2005, quen lle denegou a licenza, que, para maior escarnio, confirmaron os Tribunais. Con esos orzamentos, existiría mala fe procesal e abuso de dereito nesta demanda.





#### IV. Real Decreto 1084/2005, de ordenación da avicultura de carne.

Anque xa consta sobradamente as múltiples razóns para calificar de improcedente esta demanda e se recolle textualmente a resolución denegatoria da Consellería de Medio Rural, dende a indignación, añádese a estos fundamentos xurídicos a transcripción parcial do Real Decreto, razón legal que, lévase reiterando, é a causa de denegarlle a ampliación da granxa solicitada polo recurrente.

##### **Artículo 1. Objeto y ámbito de aplicación.**

1. Este real decreto establece las normas de ordenación de las explotaciones avícolas para producción de carne, incluidas las condiciones mínimas de ubicación, infraestructura zootécnica e higiénico-sanitaria, de manejo y de registro, conforme a la normativa vigente en materia de higiene, sanidad animal, identificación y registro, bienestar de los animales y protección del medio ambiente.

2. Este real decreto será de aplicación a las explotaciones en las que se críen o mantengan aves de corral para producción de carne, según se definen en el artículo 2, directamente o como reproductoras para la producción de carne.

....

....

Artículo 4. Condiciones mínimas que deben reunir las explotaciones avícolas de carne.

Las explotaciones deberán, con carácter general, y sin perjuicio de lo dispuesto en la normativa vigente, cumplir las siguientes condiciones mínimas:

....

....

c) Condiciones de ubicación.

1.º En aplicación de lo establecido en el artículo 36.1 de la Ley 8/2003, de 24 de abril, y con el fin de reducir el riesgo de difusión de enfermedades infecto-contagiosas en el ganado aviar, cualquier explotación que se instale con posterioridad a la entrada en vigor de este real decreto deberá respetar una distancia mínima de 500 metros con respecto a las explotaciones ya existentes o con respecto a cualquier otro establecimiento o instalación que pueda representar un riesgo higiénico-sanitario. A estos efectos, se entenderán incluidas las plantas de transformación de subproductos de origen animal no destinados al consumo humano, los mataderos de aves, las fábricas de productos para la alimentación animal, los vertederos y cualquier otra instalación donde se mantengan animales epidemiológicamente relacionados, sus cadáveres o partes de estos.

Asimismo, la nueva instalación de alguno de los establecimientos descritos anteriormente deberá mantener idéntica distancia respecto de las explotaciones avícolas de carne preexistentes.

2.º La medición, para el cálculo de esta distancia, se efectuará a partir del punto de las edificaciones o las áreas al aire libre que alberguen a los animales que se encuentre más próximo a la instalación respecto de la que se pretende establecer la citada distancia.

3.º Las mencionadas condiciones de ubicación se aplicarán, asimismo, a las ampliaciones de superficie para el mantenimiento de aves que realicen las explotaciones que se encuentren en funcionamiento previamente a la publicación de este real decreto, de forma que solo podrán llevarse a cabo si se respetan las condiciones establecidas en el párrafo a), sin perjuicio de lo establecido en el párrafo c) de la disposición transitoria primera.

#### V.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL DA ADMINISTRACION POR FUNCIONAMENTO ANORMAL.

V.1. O Art. 106 da Constitución recoñece o dereito dos particulares a ser indemnizados de toda lesión que sufran en calquera de seus bens ou dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dun servizo público. Neste dereito constitucionalmente recoñecido foi desenrolado legalmente polo Art. 139 da Lei 30/92, a sua vez



desenrolado polo Real Decreto 429/1993, polo que apróbase o Regulamento dos procedementos das Administracións Públicas en materia de responsabilidade patrimonial, esixíndose para sua apreciación, según xurisprudencia consolidada do Tribunal Supremo, os requisitos seguintes:

- A existencia dun dano efectivo, evaluable economicamente e individualizado en relación a unha persoa ou grupo de persoas.
- O dano ha de ser antixurídico, no sentido de que a persoa que o sofre non teña o deber xurídico de soporta-lo dacordo coa lei.
- A relación de causalidade entre a actividade administrativa e o resultado danoso. En definitiva o dano debe ser consecuencia do funcionamento normal ou anormal dun servizo público ou actividade administrativa.
- Ausencia de forza maior.
- Que a reclamación se efectuou no prazo dun ano dende que se produce o feito ou o acto que motiva a indemnización ou se manifeste seu efecto lesivo.

Esa mesma xurisprudencia do Alto Tribunal de 6-7-1999 exprésase así: dous son os presupostos básicos que xeneran a responsabilidade patrimonial:

- a) o funcionamento anormal da Administración e
- b) a existencia dun dano que sexa súa consecuencia (e que exista a oportuna relación de causalidade entre o funcionamento da Administración e o dano causado).

A) Respecto do primeiro aspecto, relativo o **funcionamiento anormal**, foi a xurisprudencia desta Sala 3ª do Tribunal Supremo (entre outras, en Sentencia de 11 de novembro de 1993) a que puxo de manifesto que:

*«La anormalidad de ese funcionamiento no implica, desde luego, referencia alguna necesaria al elemento de ilicitud o culpabilidad en el desempeño de las funciones judiciales al tratarse de un tipo de responsabilidad objetiva»*

e tívose en conta na referida sentenza que:

*«El concepto de anormalidad en el funcionamiento de la Administración constituye un concepto jurídico indeterminado que debe quedar integrado en función de la naturaleza de los actos emanados de la función y las circunstancias concretas concurrentes en el supuesto enjuiciado».*

B) O segundo dos requisitos fundamentais da responsabilidade patrimonial por funcionamento anormal, deviene da **existencia dun dano que para ser indemnizable ha de ser real e efectivo**, non traducirse en meras especulacións ou expectativas, incidindo sobre dereitos e intereses lexítimos evaluables economicamente e cúa concreción cuantitativa ou as bases para determinala poidan materializarse en execución de sentenza, de maneira que permitan unha cifra individualizada en relación cunha persoa, como consecuencia do dano producido pola actividade da Administración en relación de causa a efecto, probando o perxudicado a concurrencia dos requisitos legais para que surxa a obrigaçión de indemnizar.

**V.2. Aplicación a este caso.** Xa non se entra en seu análise, en canto, amén da prescripción, négase a premisa maior: no hai anormalidade algunha -e por tanto o funcionamento municipal é impecable-, xa que o Concello concedeu a licenza e foi unha disposición sectorial, a través do RD 1084/2005, a causa legal da denegación final da licenza. Si engadimos que os Tribunais confirmaron a legalidade de dita



denegación con sentenza firme, sencillamente os razoamentos expostos en contra da demanda teñen un carácter apabullante.

## VI. “COUSA XULGADA”. ALCANCE E FUNDAMENTO.

A causa xulgada, o igual que a litispendencia, figura coa que garda gran paridade, supón “*de facto*” unha excepción procesal, mediante a cal inténtase poñer de manifesto a realidade de que un feito que estase xulgando xa o foi de modo firme en outro proceso anterior, polo que o contido desa resolución definitiva haberá que estar.

A causa xulgada é por tanto unha consecuencia lóxica da sentenza ou resolución firme dun proceso, e ten un fundamento obxectivo e sua razón de ser nos principios de seguridade xurídica e tutela efectiva que consagran os [artigos 9.3](#) e 24.1 da Constitución, que vedan os xuíces e Tribunais, fora dos casos previstos pola lei, revisar o xuízo efectuado nun caso concreto por reputa-lo contrario a Dereito ou a realidade dlos feitos enxuzados, pois, como advirte a Sentenza do Tribunal Constitucional de 20 de xuño de 1984, entre outras:

*"la protección judicial carecería de efectividad si se permitiera reabrir el análisis de lo ya resuelto por sentencia firme en cualquier circunstancia"*

Un efecto que -sigue decindo a citada sentenza- prodúcese non só co descoñecemento por un órgano xudicial do resolto por outro, en supostos en que concurran as identidades propias da cosa xulgada, [artigo 1252 do Código Civil](#), senón tamén cando se descoñece o resolto por sentenza firme no marco de procesos que examinan cuestións que gardan con aquela unha relación de estricta dependencia, anque non sexa posible apreciar o efecto mencionado no referido artigo. E é que por encima da independencia e liberdade interpretativa e valorativa dos órganos xurisdiccionais atópase a salvagarda da eficacia dunha resolución xudicial que, en palabras do Tribunal Constitucional:

*"habiendo adquirido firmeza, ha conformado la realidad jurídica de una forma cualificada que no puede desconocerse por otros órganos juzgadores sin reducir a la nada la propia eficacia de aquélla"*

Unha sentenza firme produce dous efectos: un negativo, preclusivo e excluinte, o que se refire por exemplo a Sentencia do Tribunal Constitucional [77/83](#), que impide que a mesma cuestión debatida no curso dun proceso requira un novo pronunciamento en outro posterior, e aínda se replantee ou reproduzca (ver Sentencias en igual sentido do Tribunal Supremo de 16 de marzo de 1984 ou 5 de xullo de 1994); outro, o positivo ou prexudicial, que obriga o Xuíz do proceso ulterior a acepta-la decisión do anterior en canto sexa conexas coa pretensión ante él executada, resolvendo as cuestións suscitadas no mesmo sentido co que foron no precedente, respetando suas declaracións (Sentencia do Tribunal Supremo de 9 de xullo de 1988) e si ben é certo que a causa xulgada material radica nas conclusións decisorias e non nos razoamentos, sendo por elo mesmo en principio as declaracións contidas na súa parte dispositiva e non as consideracións ou argumentacións insertas na súa fundamentación xurídica as que producen, configuran e estruturan este efecto, non é menos certo que a conclusión decisoria queda integrada non só polos explícitos pronunciamentos do faio, senón tamén polas decisións que, aúncardinadas en aquéla parte da resolución, constitúen presuposto determinante ou necesario complemento seu, o punto de definir coa parte dispositiva a cuestión efectivamente resolta ou, o que é igual, a causa realmente xulgada, non outra razón explica e xustifica que, en canto predeterminantes do faio e pese a non formar parte do mesmo, sexan tales declaracións susceptibles de recurso.



O antigo [artigo 1252 do Código Civil](#) viña a expoñer que para que a presunción de cousa xulgada surta efecto en outro xuicio é necesario que entre o caso resolto pola sentenza e aquél en que ésta sexa invocada, concurra a mais perfecta identidade entre as cousas, as causas, as persoas dos litigantes e a calidade con que o foron. Como sinala a Sentencia do Tribunal Supremo de 21 de xullo de 1988 a situación de cousa xulgada material esixe, ademais das identidades de persoa, cousas, accións, causa ou razón de pedir, a indefectible eficacia vinculante que entraña, evitando que a controversia se renove, partindo sempre da resolución previa sobre idéntico conflito, aúñ recaída en distinto proceso.

O alcance subxectivo (a identidade a este respecto esixido) chegará as partes do primeiro proceso, a seus herdeiros e causahabientes, así como os suxectos non litigantes, pero que sexan titulares dos dereitos que fundamenten a lexitimación das mesmas, isto é aqueles casos en que a lei faculte a outra persoa distinta do titular do dereito u obxecto litixioso, para actuar en xuizo.

Pero o importante da cousa xulgada é que no hai, pois, como regra, "*segundas oportunidades*". A cousa xulgada veda tal posibilidade, aun cando no segundo pleito se estivera en disposición de acreditarlo que non se probou no primeiro. O ordenamento xurídico opta polo efecto preclusivo da cousa xulgada como mal menor en aras de garantir o principio de seguridade xurídica; e dito efecto dáse cando o proceso rematado fora susceptible xurídicamente dun agotamento do caso, cando se tivo esa (primeira e única) oportunidade, por mais que o actor no aproveitara a mesma o non probar en todo ou en parte o que lle correspondía. En suma, a cousa xulgada, en aras da seguridade xurídica, imposibilita replantexar indefinidamente un problema ante os Tribunais de Xusticia: E só decírase nestes casos que:

*"la cuestión ya fue planteada por el actor de la forma que mejor creyó conveniente, ha sido examinada y resuelta, y por ende, ha quedado satisfecha - de la forma que sea- y no existe razón válida para volver a ocuparse de ella ni para que el actor utilice un segundo procedimiento para subsanar aquello que no probó o que planteó incorrectamente en el primero".*

**Caso concreto.** Si ben, en aparencia inicial, a acción de responsabilidade patrimonial é distinta dos contenciosos interpostos en contra da denegación da licenza, argumentase que procede a súa aplicación en canto concurren os presupostos citados para considera-la existencia de cousa xulgada:

- Son os mesmos protagonistas: Consellería Medio Rural, Concello de Silleda e o demandante. Identidade subxectiva total. A persoa que pide unha licenza para unha granxa e as dúas administracións con competencia na materia (Admnón. Local e Autonómica).
- A acción de responsabilidade está directamente relacionada coa sentenza firme do Tribunal Superior. Tanto é así que computa o prazo de prescripción dun ano a partir de súa notificación (do 3, o 10 de Marzo 2016 a 10 de Marzo 2017). E foi ese fallo confirmatorio da denegación da licenza de apertura da explotación, o fondo, a reivindicación do suposto dano producido neste litixio polo demandante.
- Non só eso, senón que un dos *ítems* que reclama son os honorarios de seu Letrado nesos contenciosos, 22.451,23 €, un detalle esclarecedor, e a dobre banda, a primeira, en canto un gasto mais, non tolerable, e a segunda, recurrido a sana ironía, en tanto ilustra que é o "*colmo dos colmos*" dita pretensión de que acabe pagando o Concello dita minuta. Así, gráficamente: reclama a ilegalidade de que lle deneguen a licenza, os Tribunais din que é legal esa negativa, e ten o atrevemento –



calificativo moi educado- de pedir lla abone a Administración, despois de estar demostrado que actuou conforme a dereito negándolle esa licenza, asevera unha sentenza firme. De absurdo, a patético, ou viceversa.

· Existe, por elo, *identidades de persoa, cousas, accións, causa ou razón de pedir*, en expresión usada polo Supremo. Son idénticos protagonistas –co detalle de que a Consellería o foi no contencioso e agora o é o Concello, o que non altera a ecuación- e son as mesmas accións, causa ou razón de pedir, neste caso reclamar que lle indemnicen por unha licenza denegada pola Administración e confirmada en vía xudicial. Ahí radica a relación directa que deféndese entre ambos pleitos. No anterior cuestionabase a legalidade da denegación e agora sobre esa mesma licenza denegada pretéendese unha indemnización. ¡E pídesese os Tribunais que condenen o Concello a sufragar seus gastos! **Si xa se denegou, si xa é cosa xulgada, é imposible que poida reclamar unha indemnización por algo absolutamente legal** –a repetida ilegalidade da ampliación da granxa-. Tal é a cruda síntesis deste despropósito.

Por todo o exposto, por unanimidad, **ACORDA:**

**PRIMEIRO. INCOAR EXPEDIENTE DE RECLAMACION PATRIMONIAL, dando traslado o solicitante, os efectos procedimentales oportunos, mais en concreto, en función do xa exposto, para posibles probas que queira tramitar ou incorporar.**

**SEGUNDO. Dar traslado a Consellería de Medio Rural, ós efectos legais pertinentes, que derivanse do acordo.**

**TERCERO. Dadas as circunstancias concurrentes, e sen perxuízo da ampliación probatoria, que poida interesarse, o Concello entende que o demandante xa presentou toda a documental necesaria para o estudo do caso, non sendo necesarias novas probas por parte municipal, considerando o expediente pechado.**

---

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 13 de decembro de 2019

Vº e Prace  
O ALCALDE,  
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO acctal.  
Asdo. David García Lareo

